

REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DA FACULTADE DE FISIOTERAPIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Aprobado pola Xunta de Centro o 25 de outubro de 2013

Artigo 1. Obxecto, réxime xurídico e ámbito de aplicación

1. O obxecto do presente regulamento é o ordenamento das prácticas académicas externas do alumnado da Facultade de Fisioterapia tendo en conta a normativa vixente (Real Decreto 1707/2011 de 18 de novembro, Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro) así como o REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO Aprobado no Consello de Goberno do 24 de maio de 2012, ademais das disposicións do plano de estudos da titulación de Grao en Fisioterapia.

2. Entran dentro do ámbito deste Regulamento todas as prácticas externas realizadas polo estudiantado da Facultade de Fisioterapia, incluídas as realizadas no estranxeiro a través do programa Erasmus ou outros, a través de convenios bilaterais con outras universidades, así como as realizadas a través de programas nacionais de mobilidade e intercambio universitarios.

Artigo 2. Características das prácticas externas

3. As Prácticas Externas poden adoptar dúas modalidades:

- a) *Prácticas Externas Curriculares*, que son aquelas que se configuran como actividades académicas integradas como materias dun plano de estudos, tal é o caso da materia Estancias Clínicas que conta cunha carga docente de 42 créditos anuais que se imparte en 4^o curso. Nesta materia os alumnos para alcanzar as competencias deben realizar o Prácticum clínico, sesións clínicas, Portafolio e Seminarios. Para isto, cóntase cunha serie de Centros conveniados e con un total de 30 profesores/titores para o desenvolvemento do Practicum Clínico, e profesores para os Seminarios e sesións clínicas, así como con dous Coordinadores. Para unha adecuada xestión das Estancias Clínicas o Centro a través do “Sistema de Garantía Interna de Calidad” conta cun “Procedemento de xestión das Prácticas Externas”
- b) *Prácticas Externas Extracurriculares*, que son aquelas que se realizan con carácter voluntario durante o período de formación e que, aínda tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plano de estudos.

Artigo 3. Destinatarios das Prácticas Externas e requisitos para a súa realización.

1. Para a realización de Prácticas Externas curriculares, débese ter superado a formación básica e haber cursado previamente as materias Fisioterapia en Especialidades Clínicas I e Fisioterapia en Especialidades Clínicas II e estar matriculado na materia Estancias Clínicas.
2. Para a realización de Prácticas Externas extracurriculares debe terse superado a metade dos créditos da titulación 120 cr.

Artigo 4. Prácticas Externas curriculares (Prácticum Clínic)

- a) Procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora na que se realizarán as prácticas.

O Prácticum clínico realízase nos centros conveniados baixo a supervisión dos profesores responsables e/o titores clínicos. Establécense 5 **Grupos de Rotación** con 6 Profesores por grupo que inclúen os distintos ámbitos da Fisioterapia de maneira que a súa formación abarque as diferentes patoloxías susceptibles de tratamento de Fisioterapia e polo tanto cada alumno debe realizar 6 Rotatorios. Cada Rotatorio ten unha duración de 4 semanas nas que os alumnos asisten en xornada de mañá, onde desenvolven actividades en un contexto clínico relacionado co exercicio profesional da Fisioterapia e baixo a supervisión dun profesor/titor. Cada profesor/titor ten 1 ou 2 alumnos o seu cargo por rotación.

Os ámbitos da Fisioterapia onde se desenvolven os diferentes rotatorios son:

Fisioterapia neurolóxica adultos

Fisioterapia neurolóxica infantil

Fisioterapia osteoarticular

Fisioterapia en outras especialidades ou ámbitos

Para a adxudicación a os Grupos de Rotación no momento de realizar a matrícula na Materia Estancias Clínicas o alumno debe priorizar os Grupos de Rotación (de 1 a 5) adxudicándose por preferencia en base a Nota Media segundo a Resolución do 15 de setembro de 2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O total de alumnos matriculados na materia Estancias Clínicas de 42 créditos dividirase entre os 5 Grupos de Rotación.

Os Coordinadores realizarán a distribución dos alumnos dentro do Grupo de Rotación tendo en conta que non haxa masificación de alumnos nos centros e aos alumnos de intercambio.

Os alumnos de Erasmus propios que soamente cursen unha parte da materia asignarase ao Grupo de Rotación unha vez distribuídos os alumnos que cursan a materia anual, esta asignación farase tendo en conta as súas preferencias, a nota media e que non se produza unha distorsión na ratio de 1

ou 2 alumnos por profesor/titor en cada Rotatorio. Priorizarase para que realicen os rotatorios en: Fisioterapia neurolóxica adultos, Fisioterapia neurolóxica infantil y Fisioterapia osteoarticular.

Os alumnos de intercambio recibidos serán asignados aos rotatorios de tal xeito que non distorsionen a ratio alumno/profesor.

Unha vez realizada a asignación dos alumnos publicarase no taboleiro de anuncios da Facultade, abrindose un prazo para posibles reclamacións.

En caso de que un profesor por motivos excepcionais non poida impartir a docencia durante un tempo determinado, o alumno será asignado a outro profesor do mesmo ámbito e na mesma poboación na medida do posible tendo como referencia o obxectivo de non aumentar a ratio alumno/profesor.

Debido a que non tódolos centros conveniados están situados en Pontevedra os alumnos deben desprazarse para a realización do Practicum clínico, para isto no momento da organización dos Grupos de Rotación tense en conta non soamente os distintos ámbitos senón tamén onde están ubicados para que o desprazamento de cada alumno sexa o menor posible. Para facilitar este desprazamento unha vez finalizado o prazo de reclamacións, abrírase un prazo para permitir que un alumno se poida intercambiar con outro ben dentro do mesmo Grupo de Rotación o con un alumno doutro Grupo de Rotación. Este intercambio será comunicado a Coordinación de Estancias Clínicas no que se fará constar o consentimento dos alumnos que se intercambian para proceder a publicación da lista definitiva e remitir o listado dos alumnos aos Centros conveniados.

Excepcionalmente o alumno poderá cursar a materia Estancias Clínicas en dous cursos académicos para isto deberá solicitalo expoñendo os motivos a Comisión de Organización Académica e Valoración da Facultade a cal deberá emitir un informe razoado unha vez valorados os motivos alegados, se o informe é favorable deberán constar os Rotatorios, sesións clínicas e seminarios que debe facer en cada curso para acadar as competencias.

b) Procedemento de adxudicación do profesorado titor académico de prácticas.

A adxudicación ao Grupo de Rotación conleva a adxudicación do profesor/titor do Centro. Sendo os Coordinadores das Estancias Clínicas os que asumen a titorización académica do alumnado.

c) Responsabilidades na realización e aprobación do proxecto formativo de cada práctica a que se refire o artigo 6 do RD 1707/2011.

Encóntranse recollidas na guía docente da materia Estancias Clínicas

d) Proceso para a realización e entrega dos informes e memoria final a que se refiren os artigos 13 e 14 do RD 1707/2011.

Os informes parciais realizaranse a través do Portafolio, nel o alumno debe reflexionar sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e para elo debe incluír información sobre o tipo de pacientes, avaliación, métodos e técnicas empregadas, informes realizados, etc. así como as competencias que considera que acadou nese rotatorio.

Ao finalizar as Estancias Clínicas deberá realizar un Informe final que será un compendio dos informes parciais.

A entrega desta documentación realizarase nas datas indicadas ao inicio do curso académico aos Coordinadores da materia que serán os encargados da súa xestión.

- e) Proceso para a avaliación e cualificación das Estancias clínicas. A nota final da materia Estancias clínicas estará formada por un 70% de prácticum clínico, un 20% de sesións clínicas e un 10% de seminarios e portafolio.

Prácticum clínico: realizarase unha valoración sistemática do alumno onde o profesor recollerá datos sobre a participación deste, tendo en conta as actitudes e aptitudes adquiridas, tendo un valor do 70% da nota do practicum clínico (49% do total). Ademais realizarase unha proba práctica ao final de cada rotatorio na que debe realizar a valoración, marcar os obxectivos, establecer o plan de tratamento e executalo, tendo un valor do 30% da nota do practicum clínico (21% do total). O profesor indicará ao alumno ao final do rotatorio a súa avaliación continua e do exame, incidindo sobre os puntos fortes e débiles desta valoración co propósito de que o alumno reflexione e nos seguintes rotatorios poida mellorar os seus puntos débiles.

Sesións clínicas: valorase por unha parte a exposición dos casos clínicos tendo en conta a valoración diagnóstica, obxectivos e plan de tratamento, claridade expositiva e a utilización de medios audiovisuais, e por outra banda a participación no debate dos casos clínicos de seus compañeiros. Ten un valor do 20 % das Estancias Clínicas.

Seminarios e portafolio: realízase una valoración sistemática sobre a participación e interese do alumno no desenvolvemento do seminario e a realización do portafolio. Ten un valor do 10% das Estancias Clínicas .

Na Guía docente de cada ano académico establécense os requisitos que o alumno debe cumprir para superar a Materia de Estancias clínicas.

Artigo 5. Prácticas Externas Extracurriculares

As prácticas Externas Extracurriculares regularanse tendo en conta a resolución reitoral do 21 de febreiro de 2013.

1. A organización das prácticas extracurriculares farase no sistema ECTS, de cara ao seu reflexo nos expedientes académicos, no Suplemento Europeo ao Título, e en calquera outro documento acreditativo, e para facilitar o seu posible recoñecemento e/ou transferencia. O crédito ECTS terá unha presencialidade de 20 horas.

2. As prácticas extracurriculares terán preferentemente unha duración non superior ao cincuenta por cento do curso académico. A súa duración e horario estableceranse procurando garantir o correcto desenvolvemento e seguimento polo alumnado do resto da súa actividade académica.

3. O Centro nomeará un responsable das prácticas externas que se encargará de asinar as titorías ao alumno que realice prácticas externas.

4. O alumnado que realice as practicas externas contará cunha persoa titora na entidade colaboradora e con un titor académico que formará parte do profesorado da Facultade de Fisioterapia.

5. Xestión das prácticas externas extracurriculares.

A tramitación e xestión das prácticas extracurriculares realizarase pola Fundación Universitaria de Vigo (FUVI).

A vicerreitoría con competencias en relacións internacionais, poderá tramitar e xestionar prácticas extracurriculares no estranxeiro.

6. O procedemento xestión e adxudicación de prácticas extracurriculares:

- a) As prácticas xestionaranse baixo o convenio de cooperación educativa para a realización de practicas externas asinado entre a Universidade de Vigo e as entidades colaboradoras.
- b) A FUVI, e/o Universidade realizarán convocatorias públicas nas que se indicarán as ofertas de prácticas realizadas polas entidades colaboradoras.
- c) A preselección dos estudantes en prácticas será realizada pola FUVI.
- d) No caso de existir mais solicitantes de prácticas que prazas ofertadas, terán prioridade na preselección aqueles alumnos ou alumnas que non tiveran realizado prácticas externas anteriormente.
- e) A selección final do/a candidato/a elixido para a realización da práctica corresponderalle a entidade colaboradora.
- f) Co obxectivo de favorecer a realización de prácticas e de xeito excepcional o alumnado poderá promover a súa propia práctica en unha empresa o entidade. As prácticas ofertadas por entidades o empresas cubriranse en tódolos casos a través de convocatoria pública.
- g) O proxecto formativo de cada práctica será realizado polo coordinador das prácticas externas da Facultade.
- h) O titor da entidade realizará o informe de prácticas.
O alumno realizará os informes parciais e memoria final de prácticas.
- f) A avaliación e cualificación das prácticas realizarase polo titor da entidade e o titor académico. A nota final das practicas estará formada por un 70% de avaliación continua e 30% o exame.

7. Requisitos do alumnado: estar matriculado na titulación de Fisioterapia e ter superado ao menos o 50% dos créditos necesarios para obter a Titulación.

8. A xornada diaria aconsellable será de 4 horas, poderá ser superior nos seguintes casos:

- a) Durante os períodos non lectivos ou cando se xustifique a non existencia de carga lectiva durante o período de prácticas.
- b) Se o estudante seleccionado soamente lle quedan por superar 15 Créditos.
- c) No caso de prácticas extracurriculares internacionais a xornada diaria establecerase de acordo cos usos e costumes para prácticas de formación en dito país.
- d) A duración será dun máximo de 6 meses por curso académico, e poderán realizarse ao longo de todo o ano.
- e) No caso de prácticas extracurriculares internacionais atenderase ao disposto na convocatoria correspondente.

9. A Universidade establecerá as condicións para o recoñecemento ao seu profesorado das tarefas de titorización académica de Prácticas Externas.
10. A Universidade de Vigo establecerá a forma de recoñecemento as persoas encargadas nas entidades colaboradoras das tarefas de titorización do alumnado, nos termos que, no seu caso, se estableza en cada Convenio de Cooperación Educativa.

Artigo 6. Recoñecemento académico e acreditación.

1. As Prácticas Externas, xa sexan curriculares ou extracurriculares, recibirán o mesmo tratamento que calquera materia no que se refire o seu reflexo no expediente académico da persoa que a realizou e no Suplemento Europeo ao Título.
2. As Prácticas Externas poderán ser obxecto de recoñecemento e transferencia o mesmo que calquera outra materia.
3. Rematadas as prácticas externas, a Universidade emitirá un documento acreditativo das mesmas que conterá:
 - a) Titular do documento
 - b) Entidade colaboradora onde se realizaron as prácticas.
 - c) Breve descrición da práctica coa súa duración e datas de realización.
 - d) Actividades realizadas.
 - e) Avaliación.